



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL PARA A FASE DE DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE LAMAS, NA PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE LAMAS NO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE DO EXPEDIENTE: 2018/0191).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro) establece, no artigo 7,2 que os proxectos incluídos no seu Anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na Sección 2ª do capítulo II (título II) de dita Lei.

O promotor inclúe o proxecto obxecto da presente resolución entre os incluídos no Anexo II, grupo 1 a "Proxectos de concentración parcelaria que non estean incluídos no Anexo 1 cando afecten a unha superficie maior de 100 ha" polo que de acordo co seu artigo 47, procede determinar se debe ou non, someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1.-Obxecto do Proxecto:descrición, promotor e órgano substantivo.

1.1-Obxecto do proxecto.

O proxecto presentado consiste na fase de desenvolvemento da reestruturación parcelaria da parroquia de San Martiño de Lamas, no concello de Cospeito (Lugo). Dita reestruturación parcelaria ten como obxecto optimizar as condicións estruturais das súas explotacións agrarias, incrementando así a súa produtividade.

1.2.-Descrición do proxecto.

1.2.1.-Localización.

O proxecto de reestruturación localízase na parroquia de San Martiño de Lamas, no termo municipal de Cospeito, (Lugo). A zona de reestruturación ten os seguintes lindes:

- Norte: coas parroquias de Santa María de Cospeito e Santa María de Xermar
- Sur: coas parroquias de San Paio de Arcillá e Santa María de Bestar, e co Concello de Castro de Rei.
- Leste: co concello de Castro de Rei.
- Oeste: coas parroquias de San Paio de Arcillá e Santa María de Cospeito.

A zona a reestruturar ten unha superficie aproximada de 527,24 ha, distribuídas en 1.453 parcelas; da mesma se exclúen as 181,91 has do monte comunal, quedando unhas 345,33 has a concentrar.



1.2.2.-Accións do proceso da Concentración parcelaria.

A concentración parcelaria leva a cabo unha serie de actuacións inherentes ao propio proceso que, en función da fase na que se atopen, son:

a) Fase de formulación, nesta fase as accións susceptibles de producir impacto serían:

- Planificación do novo viario.
- Deseño de novas fincas.
- Valoración e situación de novas fincas de substitución.

Nesta fase terase en conta a eliminación de pes arbóreos, o abandono da explotación do solo e a densificación da construción.

b) Fase de execución, as accións susceptibles de producir impacto serían:

- O replanteo e conformación de novas fincas de substitución.
- Construción da rede de novos camiños de servizo e obras de infraestrutura.

Os efectos potenciais serían: a perda de funcionalidade de lindes para a fauna, a desaparición de áreas comunais, efectos sobre a paisaxe e a vexetación, efectos sobre o patrimonio arqueolóxico, perturbacións á fauna e a poboación por emisións acústicas.

1.2.3.-Descrición do medio.

Clima: O clima da zona e de carácter Continental, Mediterráneo subhúmido, e de tendencia Centroeuropeo, con unhas precipitacións anuais de 1.059 mm, as precipitacións concéntranse nas estacións de outono e inverno, con unha temperatura media no inverno de 6°C e no verán de 18°C. A temperatura media anual é de 11,17°C.

Os meses mais secos son os de xullo e agosto, xa que se produce o esgotamento da reserva de auga no chan, e o exceso de auga dáse entre os meses de novembro a maio.

Xeoloxía: A zona de estudo comprende materiais precámbricos e terciarios. Os materiais precámbricos están formados por grauwas localmente asociadas a efusións riolíticas que deron lugar a un tramo de neises ocelados de grao fino, con inxeccións de granitos anatécicos e alternantes con algunhas micacitas e cuarcitas.

Os materiais terciarios están constituídos por arcasas, arxilas e margas que están recubertas por un nivel superior de 1,5 m de canturrales seixíticos. Enriba, recubrendo as arxilas e margas, hai un nivel conglomerático de 1,5 de espesor de tipo cantos de seixita de ata 10 cm de diámetro que están inmersos nunha matriz arxilo-limosa.

Edafoloxía: Os solos da comarca da Terra Chá son arxilo-areoso, pouco evolucionados, coa excepción da veira da conca onde aparece un horizonte B perfectamente diferenciado. Existen tamén solos sobre relevos residuais precámbricos, que son solos arxilosos cun contido importante en area cunhas propiedades físicas moi desfavorables para o desenvolvemento das raíces en condicións de sequidade.

O 99,31% da superficie da zona estudada atópase dentro das catro primeiras clases aptas para o cultivo, que serían a clase I (laboreo permanente intenso), clase II (Laboreo permanente moderado) e clase IV (Laboreo permanente ocasional). O 0,69% da superficie non é empregable para laboreo agrícola por tratarse dunha lagoa (clase VIII).





Hidroloxía: Na zona de estudo destaca a presenza do río Miño, (situado ao leste do perímetro de reestruturación), o rego da Veiga, que cruza a zona de norte a surlleste, o rego de Arcillá que cruza polo noroeste, a lagoa da Carballosa e por último unhas charcas procedentes da extracción de áridos onde se destaca a que está situada ao oeste polo seu tamaño (7,83 ha).

Na zona aparecen canles de drenaxe como o da zona das Veigas, e tamén existen amplas zonas asolagables debido a escasa pendente da zona e o mal estado de conservación das drenaxes.

Vexetación: A zona de estudo pertence a rexión Eurosiberiana (atlántico medio europea), e está representada na súa maior parte pola Serie colina galaico-portuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*), Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum. En menor medida se atopa a Serie montana galaicoportuguesa acidófila do carballo (*Quercus robur*), Vaccinio myrtilli-Querceto roboris sigmentum.

As masas de frondosas están formadas por especies autóctonas e están representadas por masas de *Quercus robur* (carballo), *Castanea sativa* (castaño), etc.

Dentro das masas produtoras, as especies predominantes son o eucalipto (*Eucalyptus sp.*), piñeiro americano (*Pinus radiata*), etc.

En canto a vexetación de ribeira, está representada por varias especies arbóreas típicas destas zonas, entre elas cabe destacar os ameneiros (*Alnus glutinosa*) e os freixos (*Fraxinus sp.*); asemade, debido as características hidrográficas da zona destacan os bosques aluviais asociados ao río Miño e ao tramo final do rego da Veiga, formando bosques de galería que ocupan unha superficie de 1,88 ha.

Fauna: A avifauna da zona está determinada polos tipos de hábitats presentes e a calidade dos mesmos, caracterizándose pola presenza de tres grupos de especies: aquelas que viven na espesura das masas de frondosas caducifolias e bosques aluviais; as asociadas a uceiras, prados e piñeirais abertos; e as acuáticas de ríos, charcas e lagoas.

Entre as aves rapaces reprodutoras encontramos o millafre negro, o miñado, a aguia caudal. As aves nocturnas mais representativas son a avelaiona, e a curuxa das xunqueiras. Hai que suñar a poboación reprodutora de cegoña branca.

Entre as aves acuáticas asociadas a charcas e lagoas, destacan o mergullan pequeno, e a galiñola común, entre outras.

Con respecto aos mamíferos, inventariáronse un total de 18 especies, entre elas o Ourizo cacho, o Furaño común, o Morcego común, o Lobo, o Porco bravo, o Rato de campo e Rato caseiro.

Entre as especies de peixes destaca a troita que mantén poboacións de gran interese nestes ríos. Con respecto aos invertebrados cabe destacar a bolboreta dos muros, e a “vacaloura”.

Espazos naturais: O lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Chairas e Fosas Luguesas, na comarca paisaxística de A Terra Chá. A zona de actuación está incluída na “Reserva da Biosfera Terras do Miño”

A zona de estudo, na súa parte leste, entre o rego da Veiga e o río Miño está incluída dentro da zona de Especial Protección Parga-Ladra-Támoga (ZEC), esta mesma zona está recollida como humidal protexidos.

Outros humidais protexidos son a zona da lagoa da Carballosa ou Toiral e a lagoa procedente da extracción de áridos situada ao oeste da zona.




Espazos de protección do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico: Entre os xacementos arqueolóxicos atópanse a Medorra da Rita ou Medorra do Marco en San Martiño de Lamas, T1 do Rebordelo en San Martiño de Lamas (túmulo), e T2 do Rebordelo en San Martiño de Lamas (túmulo).

Entre os elementos do patrimonio construído cabe destacar a Igrexa de San Martiño na parroquia de San Martiño de Lamas, o Cruceiro da Igrexa en San Martiño de Lamas, a Casa Reitoral, e a Igrexa de Santa María de Bestar.

1.3.-Promotor e órgano substantivo.

O promotor e órgano substantivo é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

Unha imaxe da zona de reestruturación parcelaria.





2.-Tramitación

Unha vez recibido o documento ambiental, e en virtude do artigo 46 da Lei 21/2013, se realizaron as seguintes consultas e reiteracións.

Organismo	Recibido	Non recibido
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X	
Instituto de Estudos do Territorio	X	
Concello de Cospeito		X
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	X	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X	
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	X	
Sociedade Galega de Historia Natural	X	
Sociedade Galega de Ornitoloxía		X
Federación Ecoloxísta Galega		X

Así mesmo o documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Sostibilidade, Territorio e Vivenda. Durante este período non se recibiron alegacións.

Os organismos consultados informan o seguinte:

1.-O **Instituto de Estudos do Territorio** recomenda adoptar as seguintes medidas de integración paisaxística:

- Minimizar a eliminación de vexetación autóctona, masas arboradas de caducifolias e os bosques de galería e matogueiras durante as fases de execución e explotación
- Procurar conservar as sebes vexetais e as lindes arboradas, masas forestais de pequeno tamaño, manchas pequenas de matogueira, árbores illados sobresaíntes, adxudicando estas parcelas aos mesmos propietarios.
- Manter dentro do posible a traza de camiños preexistentes na nova rede viaria, adaptándoa a topografía natural do terreo. Evitarase o trazado ortogonal das novas pistas e camiños de acceso as fincas.
- Restituír na medida do posible os muros de pedra que se atopen e manter os valados existentes, apoiando un dos marxes dos camiños sobre eles.
- Preservaranse as fontes, mananciais e outras pequenas láminas de auga permanentes, integrándoas na nova estrutura parcelaria sen que se vexa comprometida a súa viabilidade e os sistemas de rega tradicionais ademais das infraestruturas de paso de ríos e regatos así como as captacións de auga que presenten valor etnográfico.

2.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** informa que se deberían ter en conta as seguintes achegas para o desenvolvemento do proxecto definitivo:



- A medida que se propón para a conservación dos hábitats de interese comunitario baseada na súa inclusión en “Zona de adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros” non se considera axeitada para garantir a súa persistencia no tempo. Debido a isto propónse o seguinte:
 - a) Transformar as parcelas que presentan os hábitats “Breixeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*”(4020) e “Carballeiras galaico- portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*” (9230) integradas na figura “zona de adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros en “Zona de exclusión”.
 - b) Determinar claramente se as superficies da unidade ambiental definida no proxecto como “Masas de frondosas”, corresponden ou non a algún hábitat de interese comunitario, e de ser así, incluílas na zona de exclusión.
- Incorporar á zona de exclusión os hábitats “Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (91EO) presentes na zona de actuación do proxecto, incluíndo a parcela 412 do polígono 77, que abrangue o rego de Arcillá e o rego que procede da lagoa de Carballosa.
- Incorporar á zona de exclusión o hábitat “Carballeiras galaico-portuguesas” con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* (9230), representado entre outras nas parcelas 431, 432, 433, 434, 435 e 436 no entorno de Veigas Grandes.
- Determinar o grao de conservación das sebes que se vai a cumprir no proxecto.
- Procurar adaptar algún dos lindes da configuración actual das parcelas ó deseño do parcelario definitivo, para facilitar un maior grao de conservación das sebes.
- Realizar novamente o inventario das zonas coa posible presenza de *Pilularia globulifera*, *Enyngium viviparum* e *Luronium natans*, vinculadas co rego de Arcillá e a charca naturalizada situada na parcela 374 do polígono 78, na Fieiteira. De confirmarse a presenza destas especies nesas áreas, haberá que incluílas na “Zona de exclusión.”
- Garantir a conservación dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies ameazadas, que puideran estar presentes na zona de actuación. As áreas ocupadas por *Narcissus pseudonarcissus sbsp. Nobilis* débense identificar e balizar para a súa protección.
- Os controis de calidade que se efectúen nas augas que se incorporen aos cursos fluviais afectados polo proxecto, cumpriran cos parámetros do Anexo V do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación de pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.
- Nas obras ligadas cos camiños teranse en conta as seguintes consideracións (con carácter xeral):
 - Evitarase a corta de frondosas autóctonas nas obras de ancheamento, e no caso de non ser posible actuarase na marxe de menor valor ecolóxico.
 - Evitarase tamén a afección ós hábitats recollidos no anexo I da Directiva 93/42/CEE e ás zonas de exclusión.
 - Adoptaranse medidas contra todo proceso de tipo erosivo.
 - Dotaranse as drenaxes transversais precisas para evitar interferencias coa hidroloxía orixinal do terreo.
- O plan de vixilancia deberá establecer medidas que eviten a afección ós valores naturais da zona especialmente á conservación das sebes, e tamén asegurar o cumprimento do establecido legalmente





en materia de xestión das emisións, residuos e vertidos. Implantarase un método de seguimento baseado nos mínimos seguintes:

-Valorar a idoneidade das medidas adoptadas.

-Realizar un informe previo a calquera intervención sobre o medio que salvagarde os valores naturais, e realizar informes periódicos que permitan valorar as interaccións das actuacións sobre o medio.

- Finalmente destacar a presenza do espazo protexido ZEC/ZEPVN “Ladra-Parga-Támoga”, así como os hábitats de interese comunitario e naturais prioritarios, os bosques de ribeira, as zonas húmidas, e as sebes. Observase que o grao de definición das actuacións e baixo, non podéndose determinar axeitadamente os impactos ambientais que pode causar o proxecto, sobre a conservación dos hábitats de interese comunitario.

En base ao anterior suxírese que se afonde no inventario e cartografado dos hábitats de interese comunitario e naturais prioritarios, así como sobre os impactos tanto directos como indirectos sobre o ZEC/ZEPVN .

3.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** informa que durante o proceso de reestruturación parcelaria poden ocasionarse impactos sobre o patrimonio cultural na fase de execución de obras (camiños principais e secundarios ou acceso a novos predios). Outra das afeccións sería os usos das novas fincas de reemprazo, especialmente sobre bens arqueolóxicos.

En base ao anterior o promotor terá en conta as seguintes recomendacións

- A rede de camiños deberá apoiarse na medida do posible sobre os camiños rurais xa existentes, non atravesando as zonas de protección do patrimonio cultural salvo que sexa estritamente necesario.

Considerase necesario expoñer que a proposta da rede de camiños, (plano 9) non é coherente cos xerais para o deseño de camiños contido no apartado 6 do documento ambiental. Proxéctanse a execución de varios camiños de nova apertura (B, E, F,A, e G) que obvian a estrutura viaria existente.

- No contorno dos bens declarados de interese cultural deberase conservar a estrutura parcelaria e camiños existentes, co obxecto de non modificar a paisaxe que a arrodea.
- As trazas dos novos camiños buscarán respectar a vexetación de bordo dos camiños antigos cando coincidan en traza, mantendo cando menos un bordo do camiño vello coa vexetación existente e os muros de pedra.
- Os camiños que rematen nos núcleos tradicionais deberán ir reducindo o seu ancho a medida que se achegan a eles, progresivamente ata acadar o ancho do camiño no que desembocan, evitando transicións bruscas entre anchos, xa que logo no interior destes núcleos os viais son, normalmente, moito máis estreitos.
- Con respecto ao deseño do novo parcelario, deberase prever o seu axuste o máis posible ao existente nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, permitindo agrupar parcelas de reducida extensión para unificar e facilitar o cultivo, pero sen introducir novas liñas, alleas ás existentes, que desfiguren o carácter tradicional destas áreas.



- O deseño das futuras fincas deberá ser coherente coa preservación dos camiños tradicionais e corredoiras que se identifiquen no estudo do patrimonio cultural, e que non estean incluídas na rede de camiños principais, de xeito que podan seguir en uso ou dar acceso ás parcelas.
- Tendo en conta que a paisaxe tradicional está caracterizada pola abundancia de valos artesanais de pedra que delimitan as actuais fincas e camiños, así como de lindes vexetais formados por ringleiras de árbores e arbustos, sería axeitado que estes se tiveran en conta no deseño das futuras parcelas, co fin de facer coincidir, na medida do posible, os antigos e os novos lindeiros de fincas e así conservar estes elementos característicos da paisaxe galega. Os elementos de valor etnográfico e cultural que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto de recuperación, desmontándose e aproveitándose para definir as novas fincas.
- Recomendase que os xacementos arqueolóxicos de maior extensión se incorporen a unha masa común. A este respecto descoñecemos si o xacemento arqueolóxico Mámoa de Rita/Medorra do Marco (GA27015003) está dentro do perímetro da ZRP. No caso de que este ben estea dentro do perímetro consideramos que se deben de levar a cabo as recomendacións da memoria arqueolóxica que son: a retirada dos eucaliptos asentados sobre a masa tumular, a limpeza da vexetación e a delimitación e peche da mámoa.
- Elementos etnográficos de uso público como pontellas, fontes, pozas de rego, cruceiros, etc, deberán quedar en zonas exentas de reparcelación, e garantir o seu acceso.

De acordo co artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm.92 do 16.05.2016) os proxectos de obras que se desenvolvan no ámbito do proceso de concentración parcelaria, deben ser informados pola consellería con competencias en materia de cultura.

Aos efectos de autorización ou informe do proxecto de obras (camiños principais e secundarios, e de ser o caso, obras de acondicionamento de fincas ou acceso a predios), o promotor achegará xunto co proxecto construtivo (en soporte dixital), unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural cun catálogo de bens culturais elaborado en base aos resultados da prospección arqueolóxica.

O catálogo debe contar cunha ficha individualizada de cada un dos bens que conterá, a lo menos, a información seguinte:

- Identificación do ben: nome, concello, parroquia, lugar.
- Réxime xurídico do ben (BIC, catálogo ou censo).
- Referencia a coordenadas UTM e o ETRS 89 (fuso 29).
- Representación gráfica, a escala 1:5.000, de cada un dos bens na cartografía catastral, nos planos topográficos e na ortofotografía. As tramas a empregar ou capas non deben ocultar a información do estado actual de embaixo.
- Fotografías do elemento. Debe sinalarse na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.
- O ámbito de ocupación dos bens culturais, debe representarse nos planos parcelarios, topográficos e na ortofotografía. A escala de representación recomendada nos planos xerais é de 1:5.000.
- Para a delimitación do ámbito de ocupación de cada un dos bens (especialmente no caso dos de carácter arqueolóxico) e do seu contorno de protección, ademais do traballo de campo, deben empregarse as diferentes ferramentas e visores do IET.
- Relación das parcelas catastrais nas que se localiza o ben, e o seu contorno de protección.





A realización de novas pistas, así como a ampliación de pistas existentes, a eliminación de elementos lineais que configuran a paisaxe, e a modificación do relevo natural das áreas de protección dos elementos do Patrimonio Cultural, terá carácter excepcional e, en todo caso requirirá a elaboración dun estudo detallado do entorno do elemento afectado. Este documento deberá incluír (ademais da información da ficha do catálogo), o seguinte:

- Fotografías do elemento e da zona na que se van a executar as obras. Debe sinalarse na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.
- Especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto.
- Planimetría de detalle, sinalando as distancias reais das obras aos elementos do patrimonio cultural. Aportaranse seccións transversais dos novos camiños, onde se reflicta a relación co elemento, sinalando a rasante actual e a proposta. No caso de acondicionamento de camiños existentes, sinalarase o estado actual e a proposta de obra, e aportaranse fotos do estado actual dos camiños.
- Valoración das afeccións reais e proposta de medidas protectoras e correctoras.

En base ao desenvolvemento dos traballos, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

4.- A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**, informa o seguinte:

A superficie afectada inclúe 6 canles referenciados na cartografía IGN 1:25.000: Río Miño, Rego de Arcillá, Rego da Veiga, e tres innominados. Toda a zona atópase dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño. Parte da superficie de reestruturación afecta a zona protexida ZEC e ZEPVN “Parga-Ladra-Támoga” e a canle do río Miño conta con dúas figuras de protección nese tramo: “Zona de augas destinadas a produción piscícola” e “Zona de protección e mellora para ser apta para a vida dos peces”. No relativo á documentación aportada, as actuacións exclúen as zonas catalogadas como ZEC.

1.-Disponibilidade de recursos hídricos, verteduras e retornos:

- Deberase reflectir de xeito preciso (memoria e cartografía) a orixe e a previsión do consumo de auga para os diferentes usos contemplados no proxecto, garantíndose a existencia de recursos de abondo, para satisfacer tales demandas, debendo realizar un estudo hidroxeolóxico, en caso de xerar afeccións significativas en canto aos consumos actuais ou previstos, que permitan identificar os posibles impactos no réxime das augas subterráneas e superficiais, avaliando as afeccións a concesións preexistentes, e aos réximes de caudais das canles próximas, e acuíferos subterráneos. Neste senso deberán aportarse os caudais concesionais vixentes ou precisos para o desenvolvemento da actuación.
- Os métodos de extracción, almacenamento, distribución e rega de auga, así como os diferentes caudais, terán que ser compatibles co disposto no Plan Hidrolóxico Miño-Sil, e adecuarse ao especificado na Orde ARM/1312/2009, de 20 de maio, pola que se regulan os sistemas para realizar o control efectivo dos aproveitamentos de auga do dominio público hidráulico, dos retornos ao citado dominio público hidráulico, e das verteduras ao mesmo.
- Deberán contemplarse as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar a incorporación de fugas ou derrames de aceites, combustibles ou outros contaminantes á rede de augas pluviais, ou ao dominio público hidráulico durante as fases de obra e explotación. En ningún caso as verteduras de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos contaminantes en suspensión se verterán directamente ao terreo ou as augas, polo que se planificarán medidas para prever estas situacións



especialmente para todo o relacionado co parque de maquinaria e zonas de tránsito de vehículos. Estableceranse medidas preventivas nas actuacións sobre a auga relacionadas coas augas de escoramento e os hidrocarburos líquidos utilizados polas máquinas, en cuanto a que puideran resultar contaminantes potenciais por alterar as augas superficiais e incluso contaminar as subterráneas.

- Se considera que no caso de balsas de rega, debería evitarse por medio do valado perimetral das mesmas, a vertedura ou depósito de materiais, sustancias ou elementos biolóxicos alleos a estas instalacións.

2.-Cartografía do dominio público hidráulico e zonas inundables:

De acordo co disposto no artigo 49 do Plan Hidrológico Miño-Sil, analizaranse as condicións de drenaxe superficial do territorio, tanto das augas caídas no seu ámbito de actuación, como as das conca vertentes que lle afecten. Para elo, como mínimo reflectirán na súa parte informativa:

- O dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- As zonas de risco de inundación conforme aos criterios establecidos no artigo 48 do Plan Hidrológico.

Para elo deberá presentarse unha proposta cartográfica cos elementos do dominio público hidráulico (canles e lagoas) e as súas zonas inundables que deberá ser aprobada polo Organismo de Conca, antes do inicio do traballo, e que servirá de base para as autorizacións ou concesións que procedan por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil en relación coas distintas actuacións prantexadas no proxecto. Con respecto a isto realizarase un análise da cartografía referida, tomando como referencia os visores indicados a continuación, así como un recoñecemento en campo para detallar elementos do DPH non representados polo nivel e escala:

- Visor cartográfico IBERPIX do instituto Xeográfico Nacional do Ministerio de Fomento.
- Visor cartográfico do Sistema de información Ambiental Miño-Sil (SIAMS) da Confederación Hidrográfica Miño-Sil do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.
- Visor cartográfico do Sistema Nacional de Cartografía de Zonas inundables (SNCZI) do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

Asemade deberase ter en conta e reflectirse, a presenza de elementos do dominio público hidráulico referenciados gráfica e toponimicamente nos mapas históricos (MTN-50) que poidan consultarse no visor IBERPIX versión 4 do IGN.

En todos los casos deberá darse cumprimento as determinacións establecidas nos artigos 9, 9 bis, 9 ter e no seu caso, 9 quáter, así como no 14 e 14 bis do vixente Regulamento do Dominio Público Hidráulico, así como o especificado na Sección IV.- Medidas para a protección contra as inundacións e secas do Plan Hidrológico Miño-Sil, en relación coas actuacións descritas no proxecto.

3.- Zonas protexidas:

Lembrase que segundo o artigo 99 bis punto 5 do Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, “Os instrumentos de ordenación urbanística conterán as previsións adecuadas para garantir a non afección dos recursos hídricos das zonas incluídas nas letras a), b) y d) do apartado 2, e os perímetros de protección que ao efecto se establezan pola Administración Hidráulica”. En base ao anterior, deberase ter en conta o disposto no artigo 21. Perímetros de protección do Capítulo V. Zonas protexidas. Réxime de protección do Anexo III . Disposicións normativas do Plan Hidrológico da parte española da demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, do Real Decreto 1/2016, como consecuencia da posible influencia do proxecto sobre zonas e perímetros de protección de captacións de abastecemento de auga destinadas a consumo humano, contidas no rexistro de zonas protexidas, e que se recollen no capítulo 5 da Memoria do





citado Plan Hidrológico. Por todo isto, deberíanse analizar as posibles afeccións do proxecto sobre outros aproveitamentos de auga rexistrados na zona.

Deberanse integrar no proxecto a identificación e mapas das Zonas Protexidas que figuran no PHMS (Real Decreto 1/2016) conforme ao artigo 99 bis, Rexistro de Zonas Protexidas, da Lei de Augas.

4.-Consideracións finais.

- Para todo o que fose de aplicación como consecuencia do disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, considerase que calquera tipo de obra, traballo ou afección fixa ou temporal que poida afectar o DPH ou as súas zonas de protección (zona de servidume e policía), así como calquera aproveitamento de augas públicas, superficiais e subterráneas, ou calquera vertido, directo ou indirecto, que poida afectar as mesmas precisará a autorización previa da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.
- Garantirase que os novos usos e as accións conducentes á instalación e mantemento dos novos aproveitamentos (laboreos, fertilizacións, etc) non provocarán a contaminación ou degradación do dominio público hidráulico, polo que, deberían analizarse as posibles afeccións sobre as augas subterráneas e superficiais, tamén os posibles efectos erosivos e de lixiviados derivados dos novos usos, indicando os controis analíticos previstos, propoñendo a súa inclusión no programa de vixilancia ambiental do proxecto.
- As zonas de instalacións auxiliares, as zonas de acopio temporal de terras e os vertedoiros, non se ubicarán sobre os cursos fluviais, as súas zonas de servidume e ecosistemas riparios asociados, así como nas zonas de fluxo preferente e na zona inundable ou dentro da zona de policía, para non interferir na rede de drenaxe natural do terreo, así como para dar cumprimento ao disposto na Sección IV. Medidas para a protección contra inundacións e as secas do Anexo II do Real Decreto 1/2016. Para aqueles tramos fluviais non incluídos no Sistema Nacional de Cartografía de Zonas inundables según o referenciado no punto II de este informe, realizaranse estudos de inundabilidade específicos, para dar cumprimento ao disposto nos artigos 9, 9 bis, así como no 14 e 14 bis do Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.
- Segundo o artigo 23.2 do Plan Hidrológico Miño-Sil, será de aplicación o principio de non deterioro para as masas de auga afectadas polo proxecto, en base ao disposto para as mesmas no Apéndice 10, da revisión do Plan Hidrológico Miño-Sil, aprobado polo Real Decreto 1/2016.
- A eliminación da vexetación no dominio público hidráulico e as súas zonas adxacentes de servidume e policía, deberán contar coa autorización deste Organismo de cunca, segundo o disposto nos artigos 7, 9, e 81 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico. No caso de contemplarse o uso de produtos fitosanitarios realizarase conforme ao especificado no Real Decreto 1311/2012, de 14 de setembro.

5.-A **Dirección Xeral de Medio Rural**, informa favorablemente o proceso de reestruturación parcelaria.

6.-A **Sociedade Galega de Historia Natural**, solicita que o proxecto de concentración parcelaria contemple obrigatoriamente os seguintes puntos:

- A exclusión das zonas consideradas: Zonas de Especial Conservación, Zonas de Especial Protección para as aves, Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, hábitats de conservación prioritaria de acordo coas Directivas da Unión Europea, hábitats de taxóns ameazados a nivel estatal, e áreas de protección de bens do patrimonio cultural.



- A preservación das masas e sebes arbóreas e arbustos autóctonos.
- A preservación sen acondicionar ou modificar, das canles fluviais, as ripisilvas, as zonas asolagables e os prados de sega.
- A inclusión só de terras agrícolas de calidade: clases agrológicas I a IV, só excepcionalmente a clase V se son áreas pequenas (menor de 5 ha), mesturadas entre as de clase I a IV.
- A avaliación con exactitude da produtividade das terras antes da concentración parcelaria, en termos económicos e agrícolas.
- O establecemento con claridade dos obxectivos que se pretenden acadar coa concentración parcelaria, tanto demográficos como de produtividade, en termos económicos e agrícolas.

3.-Análise segundo os criterios do Anexo III.

3.1.-Características do proxecto.

1. O proxecto consiste na execución da reestruturación parcelaria da parroquia de San Martiño de Lamas, no concello de Cospeito (Lugo).
2. O proxecto atópase nunha primeira fase de desenvolvemento, nesta fase avalíanse e prevense todos aqueles aspectos do proxecto susceptibles de afectar ao medio ambiente.

3.2.-Emprazamento do proxecto.

1. O proxecto desenvolverase sobre 345,33 has.
2. O proxecto inclúe tamén, a apertura de camiños, e o amaño de diversos camiños existentes.

3.3.-Características do potencial impacto.

1. En relación aos potenciais impactos, debemos suliñar que os organismos consultados informan favorablemente a fase de desenvolvemento do proxecto, impoñendo as medidas que consideran oportunas para salvagardar os valores naturais da zona comprendida no proxecto.
2. En relación co punto anterior, compre subliñar, que dado que o proxecto aínda está en fase de formulación é doado poñer en valor e adoptar todas as medidas de control e seguimento propostas polos informantes; e corrixir dende o primeiro intre todas as desviacións ambientais da actuación.
3. O proxecto finalmente terá en conta todos os condicionados e propiciará un desenvolvemento sostible da zona de actuación, unha maior conectividade entre as zonas habitacionais e as zonas de produción, e maior eficacia na actividade agrícola na zona.
4. Unha maior definición entre as zonas agrícolas e forestais permitirá un mellor aproveitamento das zonas agrícolas e unha mellor xestión das zonas forestais, o que redundará nunha diminución do risco dos incendios asociados ao abandono.

4.-Condicións ambientais.

Para todo o contido deste informe, no proceso de concentración, teranse en conta as seguintes fases:





a) Fase de formulación, nesta fase realízanse os documentos que deberán contar cos informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e tamén da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil:

- Respecto da distribución das parcelas: o proxecto e o acordo de concentración parcelaria.
- Respecto da execución de obras: o Proxecto de Rede de camiños e Obras inherentes á concentración, e o Proxecto de Acondicionamento de Fincas e outros Proxectos de Obras Complementarias.

b) Fase de execución, terá os seguintes aspectos:

- Replanteo e conformación de novas fincas de substitución.
- Construción da rede de novos camiños de servizo.
- Obras de infraestruturas de drenaxe.

c) Fase de explotación, terá os seguintes aspectos:

- Toma de posesión das novas fincas.
- Uso das obras complementarias.

4.1.-Protección do solo.

4.1.1.-Fase de formulación.

4.1.1.1.-Movementos de terras.

- Definíranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, a selección das zonas realizarase en base a criterios ambientais. Se terá en conta que no caso en que existan ocos na contorna, procedentes de actividades extractivas abandonadas, ou movementos de terras, primará o seu uso fronte ao de outras zonas, sempre que sexa viable, e sempre que estean integrados na contorna. En ningún caso se realizarán depósitos dos sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes, identificados no estudo ambiental.
- Definíranse así mesmo as zonas dedicadas a maquinaria e casetas de obra. Estarán debidamente balizadas e illadas do resto da vexetación con gaibas ou trampas que eviten as perdas ou verteduras ao resto do lugar a tratar. O finalizar, ditas zonas, deberán ser recuperadas e revexetadas con vexetación autóctona.

4.1.1.2.-Rede de camiños.

Deberanse tomar as seguintes medidas de conservación:

- No trazado dos camiños, aproveitarase o máximo os xa existentes, conservando a maior parte da vexetación arbórea autóctona, e valados de pedra. Tenderase a seguir as curvas do terreo.
- Evitarase a perda de capacidade de filtración das marxes dos regatos, así como o aumento de escorrentía directa nas zonas dos cruces. Realizarase a plantación de especies de ribeira autóctonas, nas beiras que resulten danadas ou carezan de vexetación.



- Aplicaranse medidas preventivas durante a manipulación dos formigóns e cementos, para evitar arrastres e vertidos aos cursos fluviais que danen á fauna acuática. Non estará permitido o lavado de cubas e ferramentas. Cando non se poida realizar o lavado na planta de preparación, acondicionarase un espazo estanco, coa posterior xestión dos residuos.
- Os residuos resultantes das accións previstas, non poderán ser acumulados en lugares próximos ao río para evitar ser arrastrados por choivas, debendo ser tratados e xestionados segundo a lexislación vixente. Prohibirase o vertido e lavado de cubos e ferramentas.
- Excluirase de toda actuación o ancho da ocupación dos recursos fluviais e das canles, xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira e as zonas de exclusión delimitadas no ESI, exceptuando os casos de cruzamento da rede fluvial; neste caso os estribos das estruturas de paso situaranse a polo menos 5m desde a liña de máximas crecidas ordinarias.
- A proposta definitiva da rede de camiños, debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución, e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.

4.1.2.-Fase de execución.

4.1.2.1.-Materiais de préstamos e canteiras.

- Os materiais de préstamo, necesarios para o desenvolvemento das obras, terán que proceder de explotacións autorizadas, e definiranse os lugares de amoreamento de materiais e verteduras integrándoos no medio. Con carácter xeral non se efectuarán préstamos na zona, excepto previa xustificación previa, e deberán efectuarse en lugares sinalizados, e posteriormente proceder a súa integración no medio. Sempre que sexa técnica e economicamente viable, empregaranse tecnosoles ou solos reciclados, seleccionándose zonas que van a ser afectadas polas obras. Cando se precisen achegas externas de terra vexetal, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio.

4.1.2.2.-Construcións.

En relación as construcións, haberá que balizar as zonas de exclusión, co obxecto de minimizar os impactos sobre os ecosistemas fluviais e teselas de especies de vexetación. Evitarase a elaboración de formigón na propia obra.

4.2.-Protección das augas.

Deberase ter en conta, tanto na fase de formulación como na fase de obras, o indicado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

4.3.-Xestión de Residuos.

- Os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo, deberán ser depositados en contedores habilitados (Sistema integrado de Xestión de Envases) ou entregado a un xestor de envases.
- Con respecto a biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima no lugar, de ser o caso, deberá contar coa autorización regulamentaria.
- Cando sexa posible estes restos deberán ser compostados. Para a súa integración sobre o terreo levarase a cabo a trituración e incorporación ao solo, deste xeito se diminúe o risco de incendios forestais, evitando a aparición de pragas.





- Habrá que evitar toda actuación que leve asociada a vertedura accidental de sustancias contaminantes na zona da concentración parcelaria e na súa contorna.

4.4.-Protección da fauna, vexetación e espazos protexidos.

No que respecta a protección da fauna, da vexetación e dos espazos protexidos, estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, tendo en conta os seguintes puntos:

4.4.1.-Fase de Formulación.

4.4.1.1.-Áreas con valores naturais.

Habrá que ter especial atención coas áreas sensibles, adoptando medidas protectoras e correctoras. Tamén serán obxecto de un seguimento e vixilancia ambiental. Estas áreas deberán ser sinalizadas durante o replanteo da obra.

As medidas adoptadas serán as seguintes:

- Restrinxirase ao máximo a eliminación da vexetación arbórea autóctona, das sebes de separación das parcelas, e respectaranse as árbores de maior tamaño e porte.
- Antes do inicio das obras, habrá que facer unha prospección para detectar a presenza de taxons e hábitats protexidos pola lexislación vixente, adoptando as medidas necesarias para a súa preservación.
- Non se poderá alterar o hábitat de especies protexidas, e comunicarse o seu achado a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Ao longo de todo o proceso de concentración parcelaria adoptaranse as medidas necesarias para evitar a afección dos elementos protexidos.
- Deberanse incorporar o deseño das novas parcelas, as sebes, lindeiros e arborados presentes na zona. A se mesmo consideraranse áreas sensibles os ecosistemas ligados a auga, os corredores ecolóxicos e demais hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural ou paisaxístico, como vexetación de ribeira, sebes, peches, bancais, corredoiras, etc. Así mesmo as especies vexetais e faunísticas, endémicas ou protexidas.
- Manterase o mosaico agrogandeiro.

4.4.1.2.-Terreos forestais.

Nas zonas da concentración parcelaria os aproveitamentos das zonas forestais levaranse a cabo de acordo cos características culturais de cada especie, tratamentos silvícolas, e tipos de corta de rexeneración.

4.4.1.3.-Paso de animais.

Cando sexa necesario habilitar nos camiños pasos canadenses, para impedir o paso de gando, habrá que habilitar medidas que fagan posible o escape de pequenos vertebrados que poidan caer o foxo.



4.4.2.-Fase de explotación.

4.4.2.1.-Xestión e protección das áreas con valores naturais.

Antes de realizar os labores de roza de mato e formacións herbáceas, comprobarase a ausencia de especies de interese. No caso de presenza adoptaranse medidas para evitar as afeccións sobre as mesmas, e prestarase atención principalmente as especies en perigo de extinción, tomando as medidas seguintes:

- Procederase o balizamento das masas e formacións vexetais de interese ambiental, para evitar a súa eliminación.
- Reducirase a eliminación da vexetación, respectando toda vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras.
- Eliminación de especies exóticas e invasoras.
- Prohíbese a plantación de especies de crecemento rápido.

Cando se leven a cabo repoboacións, en zonas forestais, estas axustaranse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, contando co informe favorable da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.

4.4.2.2.-Presenza de fauna.

Verificarase a ausencia de avifauna nidificante antes das labores de corta de arboredo ou roza de mato, no caso de que se atopen, adoptaranse as medidas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, especialmente as especies vulnerables, e en perigo de extinción que abundan nas árbores e no chan.

No caso de existir avifauna nidificante, adoptaranse medidas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Establecerase un perímetro de seguridade de 500 metros, libre de maquinaria e de todo tipo de tráfico que garanta a tranquilidade das aves.

4.5.-Protección do Patrimonio Cultural.

Para a protección do patrimonio cultural estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, segundo o recollido no punto 2, do presente informe.

4.6.-Integración paisaxística.

Para levar a cabo unha mellor integración paisaxística da zona, teránse en conta os seguintes puntos:

- O deseño dos viarios farase seguindo as curvas de nivel, e se disporán entre límites de zonas agrogandeiras e de montes.
- Cando o camiño estea limitado por árbores, procurarase anchealos só cara un dos lados, e non a ámbolos dous lados, así manterase a vexetación natural das bandas do camiño.
- Empregaranse especies autóctonas que procederán de a mesma zona, ou zonas similares, e se terá en conta o disposto na orde do 17 de marzo de 2005, da Consellería de Medio Ambiente, Sostibilidade, Territorio e Vivenda.
- As especies a utilizar deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo.
- Cando sexa necesaria a eliminación dalgún exemplar de especies arbóreas autóctonas, estas deberán ser replantadas na restauración.





- No deseño do novo parcelario, favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes, mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais que sexan de interese ambiental.
- Deberase procurar que na reorganización das propiedades, as parcelas que resulten da agrupación, manteñan as características morfolóxicas do parcelario de orixe, procurando que se manteñan os lindeiros de maior valor ecolóxico.

4.7.-Condicións Xerais.

4.7.1.-Fase de formulación.

- Todo deterioro que se lle ocasionen ás infraestruturas viarias, debido ao uso que se faga delas durante a fase de explotación, deberá ser reparado, aplicándose en todo caso ás obras de reparación, as cautelas e medidas de protección medioambientais, recollidas no presente informe, e os recollidos polos organismos consultados.
- Notificarase aos propietarios e daráselles información sobre a obriga legal, de obter permisos para a corta de especies arbóreas, informarase así mesmo doutras obrigas establecidas na normativa vixente, en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal e conservación da superficie agraria, entre outras.
- Desenvolveranse as medidas que sexan necesarias, para evitar impactos asociados á fase de formulación, entre eles atopase a construción de peches, cortas indiscriminadas de vexetación, e a modificación abusiva de cultivos.
- Durante a fase de replanteo, deberán levar a cabo os controis necesarios para garantir a inexistencia de impactos, e no momento no que se detecten tomaranse as medidas necesarias para evitalos, comunicándollos ao organismo que proceda, xunto coas medidas a adoptar.
- Haberá que asfaltar as pistas con maior tránsito.
- Velarase pola protección dos valores naturais, paisaxísticos e patrimoniais, de interese local.
- Prohíbese a reforestación de zonas agrícolas con especies de crecemento rápido.
- O proxecto non modificará as condicións hidrolóxicas do ámbito de actuación.

4.7.2.-Fase de explotación.

- Nos límites da zona de concentración parcelaria, farase un control topográfico de ditos límites, dos predios de substitución, e da traza de camiños.
- Con respecto a servidume, manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso, que existan na actualidade. De cortarse o paso dalgunha vía, deberán crear rutas alternativas co mesmo servizo.
- Cando houbese estradas afectadas, camiños ou calquera outra infraestrutura, deberán restituírse ao estado previo das obras.
- Farase un uso sostible da zona, mediante a toma de criterios de sustentabilidade ambiental.



4.8.-Plan de seguimento e vixilancia ambiental.

4.8.1.-Fase de formulación.

Redactarase un programa de Vixilancia e seguimento Ambiental, que terá en conta todos os impactos avanzados, no documento ambiental.

Dito programa terá como obxecto garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no documento ambiental, nos informes dos organismos consultados, e no condicionado do presente informe. As actuacións que se executen, e se integren na documentación, incluíndo as referentes ás actuacións ambientais e as de patrimonio, deberán quedar reflectidas en planos de escala adecuada, e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, e terán o seu reflexo no capítulo de orzamentos do Proxecto de Concentración Parcelaria. Será o órgano substantivo o responsable de que se acaden os fins a conseguir, tendo en conta o seguinte:

- Todas as análises e medicións, deberán ser realizadas por organismos de control autorizados, ou entidades acreditadas, e os resultados deberán ser asignados por un técnico autorizado.
- As tomas de mostras, serán representativas, e tamén as medicións, realizaranse durante os labores de maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa se detectasen impactos imprevistos, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, terá que propoñer as medidas correctoras necesarias.
- No programa de vixilancia e Seguimento Ambiental, incluírase un Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe, coas medidas propostas, engadindo a súa vez as propostas informadas pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural. No que respecta a calidade das augas superficiais, se indicarán as análises de augas que se realizarán, así como os puntos de mostra e a frecuencia das análises, seleccionaranse os puntos de toma de mostras, augas arriba e augas abaixo, da zona afectada.

4.8.2.- Fase de execución e de explotación.

Levarase a cabo o programa de Vixilancia Ambiental, do que se responsabilizará a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, e como órgano substantivo, estará o disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.





5.-Proposta.

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada, propónse formular o informe de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 47 da lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental.

O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Manuel Díaz Cano

(Asinado electronicamente)

Conforme

O subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

Juan Manuel Camiño Soto

(Asinado electronicamente)

Resolve:

Formular o informe de impacto ambiental para a fase de desenvolvemento do proxecto de reestruturación parcelaria de Lamas, na parroquia de San Martiño de Lamas, no concello de Cospeito (Lugo), promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento do informe de impacto ambiental.

Esta resolución non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia, e da Páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Sostibilidade, Territorio e Vivenda (<https://www.xunta.gal/cmatv>).

De acordo co artigo 47.5 da Lei, contra este informe de impacto ambiental, non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, (na data de sinatura electrónica)

A Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

María Sagrario Pérez Castellanos (Asinado electronicamente)

